*Dada a estrutura orzamentaria sitúanse os créditos en diferentes grupos de programas en base a estimacións, pero como os ditos importes non poden estar preestablecidos e non xeneran ningún dereito, cabería transferir os créditos a diferentes grupos de programas segan a avaliación do desempeño dos postos ou o incremento da xornada legal ou especificamente establecida na relación de postos de traballo, por necesidades de servicio, sendo sempre preferente o desfrute de días de descanso que o pago de gratificacións ou horas extraordinarias.*

*O control contable exercerase sobre a aplicación presupostaria, e o fiscal sobre o nivel de vinculación.*

*Decláranse expresamente abertas, con consignación cero, as aplicacións desenvolvidas a nivel de grupo de programas e de concepto ou subconcepto recollidas na OM EHA/3565/2008, do 3 de decembro. Nos casos nos que, existindo dotación presupostaria para un ou varios conceptos dentro do nivel de vinculación establecido, preténdase imputar gasto a outro conceptos ou subconceptos do mesmo nivel de vinculación, nos que as contas non figuren abertas na contabilidade de gastos, por non contar con dotación presupostaria, non será precisa operación de transferencia de crédito previa, pero no primeiro documento contable que se tramite con cargo a tales conceptos ou subconceptos (A, AD ou ADO), haberá que facer constar en lugar visible a dilixencia "Primeira operación imputada ó concepto".*

*Base 12ª.- Anualidade presupostaria.-*

1.- O exercicio presupostario coincidirá co ano natural e a él imputaranse:

- a) Os dereitos liquidados durante o mesmo calquera que sexa o período do que deriven.
- b) As obrigacións recoñecidas durante o mesmo.

2.- Con cargo ós créditos do estado de gastos de cada Presuposto só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos, e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio presupostario.

3.- Non obstante, e con carácter excepcional, aplicaranse ós créditos do presuposto vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións seguintes:

A. As que resulten da **liquidación de atrasos a favor do persoal** que perciba as súas retribucións con cargo ós Presupostos Xerais da Entidade Local.

B. As derivadas de **compromisos de gastos debidamente adquiridos** en exercicios anteriores. No suposto recollido no artigo 10.2.c) das presentes bases, será necesaria a previa incorporación dos remanentes de crédito. No resto dos casos, a aplicación do gasto realizarase, de ser posible, a créditos previamente incorporados, e no caso contrario, aos créditos iniciais do orzamento corrente. Así, en relación a este último apartado, establécense as seguintes excepcións:

1. Con carácter excepcional, e para garantir o correcto funcionamento dos servizos básicos, poderanse imputar ao crédito do exercicio vixente sen necesidade de tramitación previa de expediente de incorporación de remanentes, os gastos de natureza corrente correspondentes a mantemento de servizos básicos esenciais –ordinarios, recorrentes, periódicos , repetitivos e de tracto sucesivo-, devengados nos dous últimos meses do exercicio anterior, cuxa tramitación non se realizara no exercicio de devengo, sempre que se acredite no expediente os seguintes requisitos:
  - a. Que se refiran a gastos derivados de contratos debidamente formalizados, executándose de conformidade coas directrices normativas e orzamentarias vixentes, e sempre que a súa imputación orzamentaria non supoña imposibilidade de imputación de créditos consignados para a atención das obrigas do exercicio.
  - b. Que exista crédito dabondo nas consignacións orzamentarias incluídas nos orzamentos.
  - c. Que queden acreditadas as circunstancias que motivaron a imposibilidade da súa imputación ao exercicio de devengo.
2. Gastos realizados ou devengados nos últimos dous meses do exercicio que pola súa contía se encadren dentro dos denominados "contratos menores" pola

*lexislación de contratos das administracións públicas, sempre que exista crédito dotado. Considerarase, a estes efectos, que a retención de crédito derivada da proposta de gasto remitida para a súa elevación á Intervención, equivale ao compromiso correspondente a favor do terceiro proposto.*

- 3. Obrigas derivadas de cotas de participación en asociacións, consorcios, agrupacións, etc., recollidas nos seus respectivos estatutos, dos que o concello formara parte de conformidade cos acordos adoptados polo órgano competente.*

*C. As procedentes do recoñecemento polo órgano competente de obrigas adquiridas en exercicios anteriores, mediante **recoñecemento extraxudicial de créditos**.*

*Na base 21ª regúlase a competencia para a aprobación deste expedientes de recoñecementos extraxudiciais de crédito.*

*Base 21ª.- Recoñecemento e liquidación da obrigación.-*

*(...)*

*4.- En principio, o recoñecemento extraxudicial de créditos correspondería por regra xeral o Pleno da Corporación, pois aínda que no expediente se acredite a existencia de crédito disponible suficiente nas aplicacións orzamentarias para facer fronte as obrigas derivadas de tal recoñecemento extraxudicial, a determinación da adecuación do mesmo corresponde en todo caso o Pleno da Corporación, como órgano competente que aproba o orzamento xeral no que se contemplan os créditos necesarios para facer fronte as obrigas do exercicio corrente, polo que a imputación de gastos de exercicios anteriores os créditos do exercicio corrente debe ser aprobada polo Pleno. A excepción a esta regra xeral constitúea a dotación de aplicacións orzamentarias consignadas especificamente para este fin, e que así se reflectan en documentación anexa do proxecto de orzamento. E isto por canto que unha vez se dote crédito no exercicio actual para aprobar tales gastos, entenderase que con isto o Pleno, ao aprobalos, está a convalidar tales gastos ao entender que as prestacións foron realmente realizadas, apelando así ao enriquecemento inxusto da Administración e ao lexítimo dereito ao cobro do terceiro ou proveedor.*

*Por outra banda, o artigo 60.2 do RD 50/90, ven a establecer que, en todo caso, corresponde ao Pleno da entidade a aprobación do recoñecemento extraxudicial de créditos sempre que non exista dotación orzamentaria, operación específicas de crédito ou concesións de quita e espera.*

*Así as cousas, e respecto a este apartado, aplicaranse as seguintes previsións para o recoñecemento de obrigas:*

- a) Aquelas facturas emitidas no último mes do ano corrente e recibidas no rexistro de entrada do concello nos primeiros días do ano seguinte (que non poidan tratarse como gastos debidamente comprometidos), serán imputadas aos créditos do exercicio como gasto corrente, sempre que non se detecte unha tardanza na emisión superior a*

*establecida no regulamento de facturación, e se correspondan a servizos periódicos para os cales en cada exercicio factúrase o servizo de doce mensualidades. Tamén será competencia da Xunta de Goberno a aprobación dos recoñecementos extraxudiciais, daqueles gastos realizados no exercicio económico anterior cando no orzamento dese exercicio existise crédito para os mesmos dispoñible. Isto determinarase descontando ao crédito dispoñible a nivel vinculación xurídica ao peche do exercicio os recoñecementos que se propoñen no mesmo nivel de vinculación xurídica. Será requisito que exista crédito adecuado a natureza do gasto no orzamento do exercicio en curso, determinándose pola alcaldía que a dita aplicación ao orzamento non suporá perturbación nos servizos e subministros que se deban imputar ao exercicio. E deberá intentarse que na medida do posible, este tipo de gastos producidos no ano anterior, leven aparelada algunha tramitación que permita a súa consideración como gasto debidamente comprometido segundo o previsto na base 12ª.*

*b) No caso de subministros que facturan con desfases dalgúns meses (electricidade, combustible,.....), o recoñecemento correspóndelle á Xunta de Goberno Local, sempre que a factura fose presentada no exercicio seguinte (durante os dous primeiros meses do ano, como máximo), e non se esté alterando o volumen de facturación habitual (é dicir que o ritmo de retraso nos períodos facturados sexa o habitual), de xeito tal que a cada exercicio orzamentario impútense un mesmo número de mensualidades.*

*c) Noutros casos tramitarase un expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos, que se someterá a aprobación do Pleno municipal. E, en tales casos, este recoñecemento extraxudicial de créditos esixe os seguintes trámites:*

- a. Recoñecemento da obriga, mediante a explicación circunstanciada de todos os condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.*
- b. Existencia de dotación orzamentaria específica, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.*
- c. Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.*
- d. Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.*
- e. Informe, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso. Noutro caso, o expediente de recoñecemento*

*extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.*

*f. Informe da Intervención xeral.*

*g. Calquera outro documento que se estime necesario para unha mellor xustificación do gasto.*

2º.- Continuar a tramitación do expediente con inmediata exposición ó público, a efectos de reclamacións, en forma regulamentaria.

3º.- En caso de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerárase definitivamente aprobada a modificación, unha vez sexa publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia.

**DEBATE:** Sr. Alcalde: tal e como se indicou na Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, trátase dun punto vinculado ao anterior, dirixido a que a Xunta de Goberno Local asuma competencias nesta materia, por razóns de axilidade na xestión económica.

Sr. Pita Galego: como xa dixemos no punto anterior, por razóns da dúbidas que nos xenera o expediente nos imos a abster.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita proposta da Alcaldía, con 11 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e GRUPO MIXTO, e 2 abstencións dos Sres. Concelleiros de MOVENEDA.

## **7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS GALEGOS**

A portavoz do grupo municipal, Sra. Pena Barcia, defende a moción do seguinte tenor literal:

O Grupo Municipal dos Socialistas de Neda, dacordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Tamén somos a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións.

Cada concello ten a súas circunstancias e prioridades, e deberíamos contar cun financiamento axeitado, onde se permita aos concellos decidir en que se invisten os fondos, e non depender dun reparto de fondos discrecional.

O Plan Único, creado en 2017 polo Goberno da Deputación Provincial da Coruña unifica os antigos plans de investimentos da Deputación da Coruña (POS, PAS e PAI) e 11 liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos provinciais e máis transparencia na asignación de recursos, xa que os fondos do POS+ distribúense en base a criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal do concello.

O Plan Único da Deputación Provincial é un plan vivo e dinámico, que medra ao longo do exercicio e que nos tres anos que leva en funcionamento supera en 144 millóns de euros o investimento dos plans do anterior goberno durante 2012, 2013 e 2014.

O programa demostrou ser un instrumento útil para que os concellos afronten as súas necesidades concretas e mellorou e simplificou as relacións entre os concellos e a Deputación Provincial da Coruña.

Este sistema debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en que investir en cada concello.

Os Socialistas queremos reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas, e en definitiva que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede o escurantismo.

A Xunta de Galicia repartiu “a dedo” e con criterios subxectivos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos.

Débense cambiar as políticas da Xunta de Galicia e ter que deixar de mendigar axudas. O que propoñemos é que os fondos para os concellos se repartan de xeito obxectivo como se fai dende fai anos dende a Deputación Provincial da Coruña.

### **Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:**

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

4º) Establecer neste exercicio 2019 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran tódolos concellos en igualdade de oportunidades

5º) Establecer un acordo para que o Canón da Auga se reparte con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais poidan recibir en investimentos o 50% das recadacións que se levan en cada concello, abrindo una convocatoria por concorrencia competitiva

**DEBATE:** Sr. Cabezón Lorenzo: votaremos en contra da moción, porque o PSOE crítica os orzamentos autonómicos en materia de subvencións, pero o certo é que ano tras ano se incremento o Fondo de Cooperación Local, e por tanto as subvencións dirixidas aos Concellos. As subvencións finalistas son difícilmente incorporables dun exercicio para outro, e tal función a cumpre o Fondo de Cooperación Local, cunhas bases obxectivas de reparto e un incremento continuo das partidas destinadas a estes obxetivos.

Sr. Pita Galego: estamos a favor da máxima transparencia no reparto de fondos destinados a subvencións, por parte de todas as Administracións Públicas, pero por tal motivo temos que dicir que aquí, neste Concello de Neda se siguen mantendo subvencións nominativas, por exemplo en temas deportivos.

Sra. Bouza Bellón: totalmente de acordo co espírito da moción; por exemplo, a Consellería do Territorio abriu en maio unha convocatoria competitiva de subvencións por importe de catros millóns de euros, que se agotaron en quince minutos, dun venres pola noite, e dicir, un reparto de subvencións entre amigos. A Neda, en cambio, se lle denegou tres anos consecutivos unha subvención para melloras na Casa da Cultura, e iso que se cumprían os requisitos para ser beneficiario de acordo coa convocatoria.

Sr. Alcalde: o certo é que o POS da Deputación Provincial se asigna con criterios absolutamente obxectivos, e iso é o que pretendemos que realice a Xunta de Galicia, e por iso sometemos a presente moción á consideración do Pleno da Corporación Municipal.

**VOTACIÓN:** O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita moción, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros do PP.

## **8º.- MOCIÓN DO BNG EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA**

A concelleira do BNG, Sra. Bouza Bellón, defende a moción do seguinte tenor literal:

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, en defensa da sanidade pública galega nunha situación crítica debido ás políticas nefastas do Partido Popular.

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública. Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009, e que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

A política sanitaria de Núñez Feixóo á fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública e ten un fin moi claro: converter o dereito á saúde nun negocio para grupos afíns. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade.

Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento do sistema sanitario público a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos nove anos, o PP, con Núñez Feixóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron neste desmantelamento: redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados...

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.

As consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións, as listas de espera dunha semana, 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite...

Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Partido Popular, e en que non estamos na fase de grupos de traballo, nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións.

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

## ACORDO

1. **O Pleno do Concello de Neda insta á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruindo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde:**
  - a) **Aumento do orzamento destinado a Sanidade**
  - b) **Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías/ contratos estábeis e dignos /substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia / aumento das prazas de formación de especialistas, MIR**
  - c) **Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.**
  - d) **Plan de Mellora de Atención Primaria: incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros). Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria./ Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria./ Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs / Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.**
  - e) **Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios**
  - f) **Eliminación dos copagos farmacéuticos.**

**DEBATE:** Sra. Pena Barcia: estamos a favor da presente moción, que avanza nas actuacións xa fixadas en mocións anteriores aprobadas por este Pleno municipal. Nadie pode negar os recortes do goberno galego e a incompetencia na xestión, e os que máis o padecen son os PACs.

Sr. Cabezón Lorenzo: como médico, e tamén como concelleiro, estou de acordo en que hai moitas cousas que mellorar, por razón especialmente da crise económica e das xubilacións de médicos aos sesenta e cinco anos de idade. Pero tamén hai algo de demagogia na moción, xa que temos que dicir que a sanidade galega é pública ao 95%, mentres que en outras comunidades autónomas o sector privado chega ao 25%. En Galicia, o 5% restante é concertado, non privado. Xa se ten constituída unha comisión para buscar solucións en este asunto, e hai que dicir que a responsabilidade non é

exclusiva da Xunta de Galicia, xa que o Goberno central ten que convocar máis prazas de MIR, por exemplo.

Sr. Pita Galego: estamos de acoro coa moción, e incluso sería necesario falar de elaborar unha relación de postos de traballo no SERGAS. O PSOE abriu as portas ás privatizacións no ano 1987, e aquí en Galicia leva gobernando case sempre o PP, e non fixo unha boa política sanitaria.

**VOTACIÓN**: O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación á transcrita moción, con 9 votos a favor dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, MOVENEDA e GRUPO MIXTO (BNG e CG), e 4 votos en contra dos Sres. Concelleiros do PP.

### **9º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Intervén en primeiro lugar o **portavoz do grupo municipal de MOVENEDA, Sr. Pita Galego**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

- Cal é a razón dun expediente de xeración de créditos por ingresos referido á nave do Puntal, e que aproba a Xunta de Goberno Local? ¿En esa nave se roubou algún material do Concello?
- Por qué se transfíren créditos da escola infantil municipal para outras finalidades?
- Hai algún novo proxecto para a eliminación de vertidos á Ribeira de Neda, e de ser así cómo está a súa tramitación?
- Por qué existe un pago por publicidade a club Parrulo de fútbol sala?
- A Subdelegada do Goberno visitou o Concello, que temas se trataron con ela?
- Según informa FAEPAC houbo pagos de facturas de electricidade duplicados, ¿qué importes? ¿Se fixeron xa estudos para cambiar os contratos a outras compañías enerxéticas?
- En canto a punto de información catastral que temos no Concello, qué máis xestións se pretende que poidamos facer a través do mesmo?
- Consta nunha Xunta de Goberno Local obras de reparación nun muro na Mourela, pero realmente non son en Mosteirón?
- Cómo están as xestións para comprar os montes da Peteirella?
- Según informa o Sr. Seijo Martínez en Comisión de delegados de áreas, se están repoñendo sinais de tráfico, pero queremos informar que algunha está tirada e necesita reposición.
- Están pendentes modificación de moitas ordenanzas municipais, sobre as que temos falado en numerosos Plenos, por exemplo a de participación cidadá.

- Xubílanse dous policía locais, e queremos preguntar si se van a convocar esas plazas.
- En canto ao tellado do pavillón polideportivo, reparación ou incautación da fianza, cómo está o trámite deste expediente?
- Hai varias averías nas conducións de auga no Carreiro, e queremos saber como está facendo as reparacións Viaqua?
- O Boletín Oficial do Estado anuncia que o Ministerio de Defensa vende a casa de augas da Mariña, se podía tentar de solicitar unha cesión a favor do Concello.

Seguidamente intervén o **Concelleiro do grupo municipal de MOVENEDA, Sr. Caaveiro Puentes**, quen formula os seguintes rogos e preguntas:

- Este Pleno aprobou unha moción que contiña medidas contra incendios forestais, e queremos preguntar si se fixo algunha actuación das previstas na mesma.
- En canto a reparación de marquesinas, ¿cantas se levan repostas? ¿qué orden se sigue para arranxarlas?
- Cómo está o arranxo das taxees rotas en Balbís?
- Quero dirixir unha pregunta concreta ao BNG: os seus compañeiros do Concello de Fene protestan por falta de transparencia nese Concello, ¿qué opina entón da información que se solicitou a través do Valedor do Pobo, aquí no Concello de Neda?

A continuación toma a palabra **o Sr. Alcalde** para responder as preguntas formuladas:

- En canto a nave do Puntal, os propietarios ceden a cesión da mesma, e os ocupantes pagan o IBI. Sabemos que na mesma houbo algún roubo, pero non de material do Concello.
- As asignacións para bonificacións na escola infantil se presupostan ao alza, e logo sempre hai remanentes que se destinan a outras partidas.
- Existe un proxecto de eliminación de vertidos na Ribeira de Neda, que estamos tramitando a través dun convenio coa Deputación Provincial para poder levalo a cabo canto antes.
- A Subdelegada do Goberno visitou o Concello por varios asuntos, entre os que destacan os vertidos incontrolados en varios puntos do municipios, e os aludidos roubos na nave do Puntal.
- Estamos estudando os resultados do informe de FAEPAC, tanto cos técnicos municipais como coa empresa encargada do mantemento da iluminación pública, para ver si se poden facer reclamacións ás empresas suministradoras de electricidade.
- Coa Dirección Xeral de Catastro, estamos vendo a posibilidade de prestar maiores servizos aos cidadáns a través do punto de información catastral.

- As obras do muro que se tiveron que facer, son efectivamente en Mosteirón, iso é o correcto.
- Seguimos con xestións para a compra dos montes da Peteirella.
- En canto as posibles convocatorias de plazas de policía local, o debe analizar a nova Corporación que salga das eleccións do vindeiro maio.
- Houbo que devolver a fianza á empresa que realizou as obras de pavillón polideportivo, por razóns de índole xurídica, e trataremos de acometer as obras necesarias con fondos propios do Concello.
- En O Carreiro estamos intentando facer unha nova canalización para resolver os problemas dos veciños.
- Se fai un pago de publicidade a favor do club de fútbol Parrulo, para tentar de atraer máis xente ao pavillón polideportivo.
- En canto aos incendios forestais, queremos adherirnos ao convenio da Xunta de Galicia, pero teño un informe contrario de Intervención, e por iso estamos facendo actuacións propias.
- As marquesinas se están cambiando dentro do Plan único de Deputación Provincial, e de momento xa temos 11 instaladas a día de hoxe.
- En canto as taxeadas de Balbís falaremos coa empresa para ver como está o asunto.
- A posible solicitude de cesión ao Ministerio de Defensa, da casa de augas da Mariña, é un tema que pode ser estudado.

Seguidamente intervén o **Concelleiro de Medio Rural, Sr. Ferreiro Rego**, para dar resposta a outra das preguntas formuladas:

- En canto as actuacións en materia contra incendios forestais, teño que engadir ao xa indicado por parte do Sr. Alcalde, que temos incorporados sete quilómetros máis de pistas forestais para a súa limpeza.

A continuación intervén a **Concelleira do BNG, Sra. Bouza Bellón**, para dar resposta á pregunta que se lle ten formulada:

- Neste Concello nunca se deixa de contestar ningunha pregunta, e os meus compañeiros do Concello de Fene teñen dereito a opinar e considerar aquilo que estiman oportuno con relación ao funcionamento daquel Concello. Pero como a pregunta formulada parece unha enquisa política, quero eu preguntarlle aos Concelleiros de MOVENEDA, que opinan da venta de pisos a afíns por parte do goberno municipal do Concello de A Coruña, ou de que o Concello de Ferrol non haxa aprobado un orzamento en catro anos.

Replica o **Concelleiro de MOVENEDA, Sr. Caaveiro Puentes**, que o Pleno é o órgano colexiado municipal, dentro do cal os grupos da oposición fan a labor de control ao goberno, e non o goberno ao resto de grupos.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as trece horas e dez minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral